



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.15702santiago.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

ACTA 1/2023

REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

En Santiago de Compostela, en data do 01 de Abril de 2023, no hotel Santiago Apostol, reúnese a Xunta Directiva desta Federación en segunda convocatoria, ás 09:35 horas, baixo a presidencia de D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

Asistentes:

Presidente: D. Enrique Freire Sobral
Secretario: D. Manuel Rey San Luis
Tesoureiro: D. José R. Costas Carbajal
Vogal: D. Rafael Piñeiro Rodríguez
Vogal: D. Carlos García Balboa

Excusan a súa asistencia a esta reunión os seguintes membros:

Vicepresidente: D. Manuel A. Fernández Mallo
Vogal: D. Jaime M. López Rodríguez

Reúnese a Xunta Directiva coa seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior
- 2.- Coñecemento do Balance Económico ao 28-02-2023
- 3.- Aclaracións e resolución á problemática xurdida con respecto aos campionatos provinciais de Seguridade Curta de A Coruña.
- 4.- Rogos e preguntas



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.15702santiago.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario a acta da sesión anterior de data 21 de Maio de 2022, sendo aprobada por unanimidade polos membros asistentes.

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONOMICO AO 28-02-23.-

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 28 de Febreiro de 2023, sendo aprobado polos membros asistentes.

O Sr. Tesoureiro informa aos membros asistentes con respecto á renovación para este ano do mantemento do programa informático, de que dado que hai clubs que por distintos motivos non renovaron dito mantemento e para que non sen servizo este ano, acordase nesta reunión que a Federación se fará cargo do pagamento total do servizo deste mantemento para este ano.

Terceiro.- ACLARACIÓNS E RESOLUCIÓN Á PROBLEMATICA XURDIDA CON RESPECTO AOS CAMPIONATOS PROVINCIAIS DE SEGURIDADE CURTA DE A CORUÑA.

Despois de dar a súa opinión sobre este tema os membros asistentes e habendo entre eles discrepancias sobre a regulamentación que incumbe a este campionato, chegase ao seguinte acordo,

O artigo 35 do Regulamento Deportivo fai mención literal:

"Todos os campionatos da F.C.G. (tanto autonómicos como provinciais) precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombais por provincia e fase tanto en Velocidade, Medio Fondo, Media Distancia, Fondo e Gran Fondo."

Sobre isto entendemos que sí se cumpren os mínimos de participación inicial para a fase de Velocidade dándose por comenzado o campionato "As Pomba", comprobando que realmente o C.C.Alas Compostelanas comenzo na primeira solta desta fase con 10 colombófilos.

O artigo 57 do Regulamento Deportivo fai mención á participación mínima de pombas a encestar por cada colombófilo en cada fase do campionato de Seguridade Curta, sendo de 10 pombas na fase de velocidade.

Segundo este artigo non se cumpre o mínimo esixido de pombas encestadas polos colombófilos participantes do C.C.Alas Compostelanas, xa que hai dous socios que encestaron menos de 10 pombas, incumprindo desta maneira cos mínimos esixidos de 10 colombófilos segundo o artigo 35.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.15702santiago.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com

Como conclusión, e en resposta á reclamación feita polo C.C.Alas Compostelanas, acordase nesta reunión determinar que o campionato de Seguridade Curta da provincia de A Coruña quedará deserto, xa que sí se comenzo inicialmente a fase de velocidade polo número de socios participantes pero non se chega a participación mínima inicial de pombas encestadas para o Campionato de Seguridade Curta.

Acordase tamén nesta reunión reformar de forma máis explícita e concreta destes articulados na próxima Asemblea da Federación.

Votación sobre estes acordos:

2 Votos a Favor

1 Voto en contra de Rafael Piñeiro Rodríguez, que quere facer constar en acta que se debería seguir co campionato de Seguridade Curta.

Cuarto.- ROGOS E PREGUNTAS.-

a).- Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes que recibiu vía Washapp por parte do C.C.Alas Compostelanas a normativa dun campionato tipo "Derby" que van a organizar este ano, no que podrán participar socios tanto desta Federación como da Federación Portuguesa, no que solicitan colaboración por parte da Federación en canto á divulgación desta normativa, así como das solicitudes das guías sanitarias e outras autorizacións complementarias.

Dado que non se podrá realizar votación xa que este tema non estaba incluído na orde do día, solicita a opinión dos membros asistentes, sendo o resultado desta consulta:

A opinión xeneralizada respecto disto é a de que todo o que supoña promocionar o deporte da cololmbofilia é bo para todos.

Rafael Piñeiro está a favor de facer o que solicitan dende este club.

Carlos Balboa e David Rodríguez son partidarios de esperar a ver en detalle a normativa para non precipitarse sobre as decisións que se tomen.

b).- Por último, Manuel Rey (en calidade de responsable da confección das clasificacións) pon en coñecemento dos membros asistentes en relación aos días de control que coincidan campionatos provinciais e nacionais, que se deberían respetar os días de control nos campionatos provinciais propostos inicialmente por esta Federación e deixar tal e como están os dos nacionais, xa que deste xeito non se vería "mermada" a calidade destes campionatos, sobre todo o campionato de Maratón.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com

Estando a favor desta proposición todos os membros asistentes.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión da Xunta Directiva, sendo as 12:15 horas, no lugar e data sinalados

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-